

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZ DE XULLO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día dez de xullo de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día tres de xullo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.212/07 de don Antonio Castro Crespo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 104 m² de superficie, consistente na colocación de uralita e tella, situada en Pousada de Arriba, en solo de núcleo rural (NN).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así coma as pendentes dos faldrons. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de

ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e nove euros con vinte céntimos (#79,20#).

2.2.- Instancia num. 1196/07 de dona M^a: Carmen Costa Piñeiro

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Paradela (San Xián de Sales) solicita licenza para parcelación de finca, situada no mencionado lugar de Paradela, en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Núcleo Rural (ordenanza N1) e como Solo de expansión de núcleo rural (ordenanza N2), de acordo co proxecto técnico presentado asinado por don Julio Vázquez Suárez en calidade de Arquitecto e de data xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Paradela da parroquia de San Xián de Sales, nos termos do proxecto presentado, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes que ascenden á cantidade de 120,00 euros.

2.3.- Instancia num. 1.614/06 de don Manuel Rosende Couto

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, cura párroco de San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a ampliación do cemiterio parroquial ó quedarse pequeno o inicialmente construído..

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada para a ampliación do cemiterio parroquial en solo de expansión de núcleo rural (N2) dentro dunha reserva de solo dotacional para cemiterio CM-8, cunha ocupación máxima inferior ó 40% da parcela neta; altura máxima menor a 7,00 mts e un coeficiente de 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto técnico redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela e cun orzamento de 82.103,61 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seus remate dende a data da concesión da licenza.

As obras deberán axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e axustándose ás condicións establecidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio para o cal deberase presentar un proxecto de control arqueolóxico previo ó inicio das obras. Para a instalación da fosa séptica será necesaria a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Así mesmo

deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

2º.- Así mesmo acorda concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes, ó tratarse dunha obra social de carácter comunitario

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación nº 1 da obra de *Campo de Fútbol de la escuela deportiva Ribadulla en Tomonde*

Dáse conta da citada certificación da obra *Campo de Fútbol de la escuela deportiva Ribadulla (07.3240.0041.0) incluída no Plan Especial de Herba Artificial dos campos de fútbol municipais 2007*, adxudicada á empresa Calfensa Proyectos, S.L polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26/03/2007, por importe de cento dezanove mil setecentos corenta e seis euros con corenta e tres céntimos (#119.746,43#), sendo o director da mesma a arquitecta dona Mercedes Rosón Varela

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

3.2.- Certificación num. 2 da obra *Arranxo de pistas en Roelle, Trasariz, Ramil, Illobre, Cibrán e Outros*

Dáse conta da certificación num. 2 e última da obra *arranxo de pistas en Roelle, Trasariz, Ramil, Illobre, Cibrán e outros*, adxudicada á empresa Aixma Obras y Servicios, S.L pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 29/03/2007, por importe de dezanove mil cento trinta e oito euros con seis céntimos (#19.138,06#), sendo o director da mesma a técnica municipal.


A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

3.3.- Certificación num. 1 da obra *Arranxo de pistas en Caldelas, Socastro, Os Muíños e outros*

Dáse conta da citada certificación da obra *arranxo de pistas en Caldelas, Socastro, Os Muíños e outros*, adxudicada á empresa Aixma Obras y Servicios, S.L pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 29/03/2007, por importe de trinta e cinco mil trescentos catro euros con cincuenta e nove céntimos (#35.304,59#), sendo o director da mesma a técnica municipal.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

3.4.- Certificación num. 1 da obra *Afirmado y acondicionamiento de pistas en O Francés y Silva de Abaixo*



Dáse conta da citada certificación da obra *Afirmado y acondicionamiento de pistas en O Francés y Silva de Abaixo*, incluída no Plan de Obras e Servicios (POS 2007), adxudicada á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 29/03/2007, por importe de dez mil trescentos setenta e un euros con cincuenta e oito céntimos (#10.371,58#), sendo o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

3.5.- Certificación num. 1 da obra *Afirmado y acondicionamiento de pistas en Trobe, Trasariz, Cubelas, Cibrán, Ximonde, Os Muíños e Cimadevila*

Dáse conta da citada certificación da obra *Afirmado y acondicionamiento de pistas en Trobe, Trasariz, Cubelas, Cibrán, Ximonde, Os Muíños e Cimadevila*, incluída no Plan de Obras e Servicios (POS 2007), adxudicada á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 29/03/2007, por importe de cincuenta e dous mil setecentos corenta e seis euros con trinta e seis céntimos (#52.746,36#), sendo o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

3.6.- Certificación num. 1 da obra *Afirmado y acondicionamiento de pistas en Torre, Tomonde, Caldelas y Xián*

Dáse conta da citada certificación da obra *Afirmado y acondicionamiento de pistas en Torre, Tomonde, Caldelas y Xián*, incluída no Plan de Obras e Servicios (POS 2007), adxudicada á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 29/03/2007, por importe de trinta e cinco mil setenta e catro euros con cincuenta e dous céntimos (#35.074,52#), sendo o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

4º.- Dar conta de Resolúcións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de xuño do ano que andamos, pola que se ordea a modificación da cláusula primeira do contrato de don Rogelio Lareo, quedando do seguinte xeito "prestará os seus servizos como xefe de protección civil e mantemento dos espazos naturais incluído no grupo oficial de primeira" dende o 01/07/2007.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de xuño do ano que andamos, pola que se ordea a ampliación da xornada de traballo de dona Josefina López Carballo, con motivo das vacacións das traballadoras do servizo de axuda no fogar.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dous de xullo do ano que andamos, pola que se aproban as bases e compoñentes da Mesa de Selección para a contratación de tres monitores de actividades de tempo libre para o campo de traballo.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.4.-Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dous de xullo do ano que andamos, pola que se ordea a realización dun contrato de colaboración con D^a Susana Pérez Sande e D^a. María Pérez Sande para o campo de traballo para actividades de apoio, docencia e colaboración en tarefas de elaboración da cociña galega con coñecemento do entorno e dos equipamentos onde se desenvolva a actividade.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dous de xullo do ano que andamos, pola que se concede a baixa solicitada na escola infantil para o curso 2007/2008 de Daniela Garaboa López

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.6.- Dáse conta de Resolucions da Alcaldía de data tres de xullo do ano que andamos, pola que se aproban as bases e compoñentes da Mesa de Selección para o proceso selectivo para cubrir as dúas prazas vacantes do servizo de protección civil, incluídas no Plan de Cooperación.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.7.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data catro de xullo do ano que andamos, pola que se autoriza o disparo de fogos de artificio os días 8, 14 e 15 de xullo en San Cristovo de Merín

A Xunta de Goberno dáse por enterada


4.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de xullo do ano que andamos, pola que se lle autoriza o corte de tráfico nas estradas municipais de Galegos- Santa Cruz, no tramo da estación e na zona de pubs, os días 24, 25 e 26 de agosto con motivo da celebración da X Concentración dos Moteiros Val do Ulla.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5º.- Outros Asuntos

5.1.- Solicitud de subvención para proxectos de inversión en centros de día, mini-residencias, vivendas comunitarias e apartamentos ou pisos tutelados para persoas maiores

Dáse conta das bases da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos para proxectos de investimento en centros de día, mini-residencias,



vivendas comunitarias e apartamentos ou pisos tutelados para persoas maiores, no ano 2007 (BOP num. 113/07, do 18 de maio).

Ó abeiro das mesmas, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención para a construción dun centro de día e miniresidencia.

5.2.- Escrito num. 1.258/07 de don Manuel Pereiras Fuentes

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, expón que é titular dun turismo Mercedes Benz 280S, Matrícula GC-1472-E, con data de matriculación 16/07/1974, polo que solicita a concesión da bonificación na cota tributaria do imposto sobre vehículos de tracción mecánica establecida para os vehículos cunha antigüidade mínima de vinte e cinco anos.

A Xunta de Goberno, á vista da documentación presentada, e de acordo co establecido no artigo 9º.2 da ordenanza fiscal reguladora do citado imposto, acorda concederlle a bonificación do 100% da cota, con efectos do 01/01/2008.

5.3.- Solicitud de subvención ó Instituto Enerxético de Galicia

Dáse conta da Resolución do Instituto Enerxético de Galicia, do 26 de abril de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables correspondentes ao exercicio 2007 (DOG num. 101/07, do 28 de maio).

A Xunta de Goberno, ó abeiro da mesma, acorda solicitar unha subvención, co compromiso de realizar a actividade pola que se pide a subvención, no caso de obtela.

5.4.- Actividades piragüismo

Dáse conta das propostas presentadas polas empresas Club Nautico de Miño, Vitalfitness e Aquacenet, S.L para impartir clases de piragüismo durante os meses de xullo e agosto na área recreativa de Agronovo.

A Xunta de Goberno, á vista das mesmas, acorda adxudicar a impartición das clases á empresa Aquacenet, S.L no prezo de dous mil trescentos cincuenta e catro euros (#2.354,00#) por ser a oferta máis economicamente vantaxosa e empresa competente

5.5.- Acordo, se procede, sobre solicitude de axudas para gardería

Dáse conta da Orde do 18 de xuño de 2007, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se convocan axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais (DOG num. 128/07, do 3 de xullo).

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda para o mantemento da escola infantil de Nande-San Fins de Sales.

Conclúe ó fio das vinte e tres horas e cincuenta e cinco minutos

